



Valdoviño



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA NOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.

Expte: 2023/G007/000004

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e cincuenta minutos, do día nove de febreiro de dous mil vinte e tres, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 58 de data 7 de febreiro/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celebrase co debate e votación dos asuntos da Orde do Día.

PARTE RESOLUTIVA

1º.-EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

.- Prórroga da licenza de obras.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA

“Nº Expediente: 286/2021

Asunto: Prórroga de Licenza

Visto acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/06/2022 polo que se concedeu a [REDACTED] (representada por [REDACTED]) licenza para as obras de contrucción de vivenda unifamiliar no [REDACTED] parroquia de Vilarrube (expediente 286/2021). Outorgouselle un prazo de 36 meses para a execución das mesmas, sendolle notificado o acordo ao interesado en data 26/07/2022.

Visto escrito presentado por Ismael José Ameneiros Rodríguez en representación de Nomad Design Retreats S.L. o 20/12/2022, no que solicita unha prórroga para o inicio das obras.

Considerando que a día de hoxe non variaron as condicións urbanísticas contidas nas vixentes Normas Subsidiarias do Planeamento Municipal, que serviron de base para o outorgamento da referida licenza de obras.

Visto o informe favorable do arquitecto municipal de data 6 de febreiro de 2023 no que conclúe: “Esta prórroga non poderá superar o prazo inicialmente acordado para o inicio das obras, que era de seis meses”.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a **prórroga de licenza de obras** para a construción de vivenda unifamiliar, sita no [REDACTED] parroquia de Vilarrube (expediente 286/2021). Esta prórroga non poderá superar o prazo inicialmente acordado para o inicio das obras, que era de seis meses.

Segundo.- Aprobar a **liquidación de taxas** que ascende á cantidade de **54,89 €**.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes co recurso que proceda.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao departamento dos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos

Asinado electrónicamente en Valdoviño polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández na data á marxe”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos membros concedeu a prórroga da licenza de obras, tramitada no expte. 286/2021; conforme á proposta efectuada pola Alcaldía.

2º.-APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2023/1.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

“APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2023/1.

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2023/1 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 11 facturas ascende á cantidade de CIENTO SESENTA E SEIS MIL NOVECIENTOS SEIS EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (166.906,55 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Ademais figura a factura nº F/2022/3132 imputada á OPA con número de operación 220220010397 por importe de 3.724,60 €.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2023/1 por importe bruto de 166.906,55 euros e a factura nº F/2022/3132 imputada á OPA con número de operación 220220010397 por importe de 3.724,60 €.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo.: Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*) “

A Xunta de Goberno Local, por votación ordinaria e unanimidade procedeu a aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Pola Alcaldía dáse conta á Xunta de Goberno do propósito de engadir as tres propostas do área de cultura dado a premura que presentan as convocatorias que solicitan, dado os prazos que presentan cada unha delas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade ratifica a urxenza destes puntos e quedan incluídos fóra da Orde do Día

.- PARTICIPAR NA CONVOCATORIA “REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA CONVOCATORIA 2023”.-

Proposta de alcaldía

“Vistas as *Bases reguladoras da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña e convocatoria para 2023* publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 14 de VENRES 20 de xaneiro de 2023

PROPONSE

Participar en dita convocatoria de solicitude de espectáculos denominada REDE CULTURAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA CONVOCATORIA PARA 2023 que abrangue os programas de difusión cultural denominados :

ESCENA AO VIVO. Categoría profesional ,

- Programa de espectáculos profesionais de teatro, monicreques, maxia, danza e música para concellos

VISIÓNS. Categoría profesional,

- Programa de cinema e contidos audiovisuais para concellos

ALICERCE. Categoría non profesional,

- Programa de grupos de música, danza e teatro non profesionais para concellos .

LÍNGUA A ESCENA. Categoría profesional.

- Programa de espectáculos profesionais de música, teatro, danza, narración oral e monicreques con contidos específicos orientados á dinamización social da lingua galega, para concellos.

O Concello de Valdoviño fará unha **solicitude titular** axustada aos límites máximos de achega económica da Deputación atendendo á tipoloxía de concello que se indica na

convocatoria (30.000,00 euros) e, a maiores, manifestará tamén na solicitude de participación o interese en tomar parte do remanente xerado na deputación por parte doutros concellos derivado das súas xestión con respecto ao programa de Rede Cultural coa finalidade de, se se dera o caso, ampliar a programación superando o límite económico da achega inicial da Deputación presentando para isto unha **solicitude** complementaria cos espectáculos ordenados e priorizados (26.000,00 euros). No caso de que non proceda total ou parcialmente a asignación económica derivada do remanente da Deputación da Coruña para a programación complementaria, o Concello de Valdoviño destinará ese orzamento para renegociar a título propio coas compañías pertinente o/s espectáculo/s que tivera seleccionados con motivo da programación complementaria.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 9 de xaneiro de 2023.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade acordou a aprobación da proposta de Alcaldía que antecede

.- PARTICIPACIÓN NA SUBVENCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE CULTURA “LER CONTA MOITO 2023”.-

Proposta de alcaldía

“Vista a ORDE do 19 de decembro de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento CT236A) publicada no DOG núm. 17 do mércores 25 de Xaneiro de 2023.

PROPONSE

Participar en dita convocatoria para programar actividades de dinamización da lectura na Biblioteca Pública Municipal de Valdoviño, biblioteca pública de titularidade municipal integrada na Rede de bibliotecas públicas de Galicia sobre a base do catálogo LER CONTA MOITO 2023 de actividades de animación á lectura que a Secretaría Xeral de Cultura pon a disposición con tal fin.

Solicitarase un mínimo de dúas actuacións para realizar antes do 25 de outubro que, de ser o caso serían financiadas por este programa ata un 75% tendo que aportar o concello o restante 25% dando cumprimento a estos e os demais requisitos da convocatoria e asumindo que no caso de non resultar beneficiados da subvención, o concello asumirá o custo do total do programa cos seus propios fondos ata un importe total máximo de 2.000,00 euros dous mil euros).

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 8 de febreiro de 2023.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros acordou a aprobación da participación na convocatoria LER CONTA MOITO 2023, transcrita literalmente.

.- PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN E SOLICITAR Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA A TRAVÉS DO PROGRAMA FO206/2023 SUBVENCIÓN PARA “MANTEMENTO DO POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICO MUNICIPAL E XESTIÓN CULTURAL”.-

Proposta de alcaldía

“Vistas as *Bases Regulatoras, en réxime de concorrencia non competitiva, do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2023* publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 16 de data 24 de xaneiro de 2023, sendo de gran interese para esta alcaldía solicitar subvención para mantemento do persoal técnico en Xestión Cultural.

PROPONSE,

Participar en dita convocatoria de subvención e solicitar á Deputación da Coruña a través do programa FO206/2023 subvención para a modalidade “Mantemento do posto de traballo de técnico municipal en xestión cultural” ó abeiro da citada convocatoria.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 9 de febreiro de 2023.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou aprobar a participación na convocatoria que antecede.

PARTE ACTIVIDADE

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/

